

ALFONSO IX E A SÚA ÉPOCA

Un libro de referencia sobre un tempo único da Idade Media galega


Francisco Singul

Con motivo da celebración dos oitocentos anos da formación dunha nova poboación galega no lugar de Cruna, xerme da cidade da Coruña, celebrouse entre o 15 de xullo e o 7 de setembro de 2008, no Pazo Municipal de Exposicións Kiosko Alfonso da capital herculina, unha magna mostra comisariada polo profesor Fernando López Alsina. A exposición estaba articulada en catro seccións, nas que se desenvolvía, a traveso dunha rica colección de documentos, escultura, ourivería, armas e obxectos da vida cotiá do medievo, procedente de museos, catedrais, igrexas e coleccións privadas, a relevancia social, cultural e política do reinado de Alfonso IX de León e Galicia (1188-1230).

A oportunidade de ligar a creación urbana da Coruña coa personalidade do rei que lle deu carta de natureza e forma institucional como cidade libre, ligada ao poder da Coroa, sen dependencia da nobleza nin do clero, vai alén do evidente da relación Alfonso IX-A Coruña, para formular no discurso expositivo unha reflexión ben levada sobre o papel das cidades na historia do reino e, por extensión, de Europa, pois por algo foi este monarca o primeiro soberano occidental en admitir a representantes das cidades nas Cortes do seu reino.

A cidade medieval vai ser un espazo intermedio no que o home, entregado a un traballo liberal, de comerciante e/ou artesano, vai sentirse máis libre e acollido polo poder municipal, sen a opresión vasalática dos señores feudais do mundo rural, e libre tamén da inseguridade da vida no campo, moitas veces ligada ao propio traballo agrícola, lastrado polo perigo do exceso de chuvias, que podían dar lugar a malas colleitas e consecuentemente a períodos de carestía e fame.

A exposición tiña tamén apartados adicados á cultura de finais do século XII e inicios do XIII, pois ben é sabido que un dos logros máis senlleiros de Alfonso IX foi fundar a Universidade de Salamanca e coidar do principal centro espiritual do seu reino, Santiago de Compostela, meta de peregrinacións internacionais. Así e todo, un dos aspectos que loxicamente se quería destacar no proxecto é o labor repoboador do monarca, celebrando a creación de novos núcleos de poboación no reino



e nas terras de fronteira, como Extremadura, recién conquistada polo soberano. Deste xeito consolídanse, en Galicia, Mondoñedo e Ribadeo, Betanzos e Cedeira, Melide, Triacastela e Sarria no camiño Francés, e Baiona e Tui no sur do país, ademais da creación da Coruña en 1208, á que dotou do foro de Benavente, estatuto de ordenación cidadá moi difundido no reino de León.

Estes e outros moitos aspectos son tratados en profundidade na publicación asociada á exposición, un catálogo no que se estudian polo miúdo as pezas expostas –hai que destacar, entre outros, as fichas escritas polo medievalista Victoriano Nodar e o conservador do Museo da Catedral de Santiago Ramón Yzquierdo Peiró– e que conta ademais cunha colección de importantes estudos sobre o monarca e a historia do seu tempo nas terras de León e Galicia.

Baixo o título *Alfonso IX e a súa época*, o Concello da Coruña e a Sociedad Estatal de Commemoraciones Culturales (SECC) edita en 2008 un grosa volume no que se inclúen os estudos específicos de todas e cada unha das pezas da devandita exposición, fortalecido por oito intensos capítulos, escritos por especialistas das universidades de A Coruña, Santiago e Salamanca, que articulan un libro de cultura medieval hispana que debe entenderse como nova obra de referencia.

O capítulo inicial, “Alfonso IX, rei de León e de Galicia (1188-1230)”, asinado polo profesor M. Recuero Astray, trata a historia dun monarca que ascendeu ao trono dun dos cinco reinos cristiáns peninsulares con só dezasete anos (lembramos que estes reinos eran daquela Aragón –incluíndo as terras catalanas–, Navarra, Castela, Portugal e León). Analiza Recuero os primeiros pasos do reinado, as tormentosas relacións con Portugal e Castela, o estratéxico matrimonio do rei con Tareixa de Portugal, filla do monarca lusitano Sancho I, verdadeira alianza de leoneses e portugueses contra os intereses de Castela, para continuar argumentando que os problemas entre leoneses e casteláns eran de tipo fronteirizo, pois había terras cuxa soberanía era reclamada polos dous reis, Alfonso de Castela e Alfonso de León. Á procura dunha estratexia contra os veciños casteláns, Alfonso IX preparou alianzas con Aragón, Portugal e incluso cos almohades. En 1194 o matrimonio rexio sepárase, despois de ter tres fillos, ao ser anulado por sentenza pontificia, pois dábase un problema de consanguinidade entre Alfonso e Tareixa incompatible cos costumes da época.


Recuero Astray trata o desacougo hispanocristián que supuxo a derrota de Alfonso VIII de Castela en Alarcos (1195), última gran victoria dos exércitos musulmáns na Península, destacando o espiñoso asunto da alianza de Alfonso IX de León co califa almohade, contra os intereses de Castela. Pero na Idade Media sucedía, ás veces, que a política facía mudar os pareceres dos poderosos; e algo así pasou cos soberanos cristiáns en liorta, ao casar Alfonso IX coa infanta castelá dona Berenguela, a segunda raíña de León no tempo que o libro está a tratar. Pero, unha vez

máis, o parentesto dos cónxuxes obrigou ao papa Inocencio III a rachar o segundo matrimonio de Alfonso IX.

Alén dos problemas de política exterior e enlaces matrimoniais, o texto de Recuero trata sobre o importante labor legislativo do soberano, que vai organizar unha verdadeira loita contra a bandidaxe, para manter a seguridade dos camiños e das propiedades, ademáis de organizar a protección do camiño de Santiago nun dilatado territorio que abrangúa dende Mansilla ata Compostela. As disposicións tomadas polo rei en 1228 relativas á protección dos peregrinos xacobeos solucionaban atrancos cotiáns, pois quedaba prohibido molestalos, ordenaba tratalos con benignidade nos hospitais, sobre todo aos enfermos, e respectaba as últimas vontades dos moribundos, en concreto as relativas aos bens dos falecidos e a celebración de exequias. Este labor a prol do camiño de peregrinación continuou coa protección dos propios hospitais, como o de Astorga que estaba próximo á Porta do Bispo. Lembra finalmente Recuero que Alfonso IX foi como peregrino a Santiago en 1211, con motivo da consagración da catedral do máis prestixioso centro episcopal do seu reino.

O segundo capítulo do libro, encargado a S. Barton e titulado “Alfonso IX e a nobreza do reino de León”, destaca os cuarenta e dous anos que o soberano soubo manterse á fronte do seu reino, en boa medida grazas ao apoio militar e económico da nobreza, que protexeu as fronteiras con Castela e Portugal e administrou os territorios adscritos á Coroa por delegación do monarca. Este é un dos aspectos fundamentais do traballo de Barton, pois lembra que os poderosos aristócratas eran magnates territoriais que tiñan un papel decisivo no goberno do reino, ao administraren amplos territorios en nome do soberano, recadando impostos e impartindo xustiza. Os exemplos dalgúns destes magnates parece dabondo eloquente, por exemplo o conde Gómez González de Traba (+1209) ou Pedro Fernández de Castro, mordomo real, que gobernou as tenencias de Oviedo, León, Lemos e Limia, e foi o protagonista da formalización da alianza cos almohades (1195-6), polo que foi excomulgado polo papa Celestino III.

De seguido o libro presenta un terceiro capítulo escrito por G. Cavero, “Alfonso IX e a Igrexa do seu reino”, no que se analiza as relacións do rei coa nobreza eclesiástica. A Igrexa do reino tiña dúas referencias fundamentais: Santiago de Compostela e San Isidoro de León. O autor presenta os problemas con Roma, en especial co papa Celestino III, quen excomulgou ao rei –ademáis do conde de Lemos, como se dicía antes- pola alianza de León cos almohades contra Castela. Daquela estaba permitido asinar treguas cos musulmáns, por razóns de estratexia ou do que fora, pero o que o Papado non podía aturar era a alianza dun reino cristián cun reino islámico, contra outro reino cristián. E iso era o que estaba a acontecer nos finais do século XII coa alianza León-al Andalus contra Castela. Outro asunto no que Roma tiña decisión era o problema da consanguinidade do rei coa



princesa Tareixa de Portugal, primeira esposa, e con Berenguela de Castela, segunda esposa de Alfonso IX, o que levou a anulación pontificia de ámbolos dous casamentos. O capítulo trata tamén das dioceses, os prelados, os Cabidos catedralicios, os sínodos e concilios que se celebraron no seu reinado, o desenvolvemento do Císter no reino de León nos finais do século XII e primeiras décadas do XIII, e o papel das ordes militares de Alcántara, Santiago e San Xoán de Xerusalén, máis coñecidos os seus membros como os cabaleiros hospitalarios.

No cuarto capítulo do libro, “Pro utilitate regni mei: as cidades e a orla costeira do Miño ao Deva no reinado de Alfonso IX de León”, o profesor Fernando López Alsina, comisario da exposición e principal responsable desta excelente publicación, reconece en primeiro lugar que o camiño de Santiago foi o primeiro eixe de urbanización do reino. De seguido, o autor desenvolve a historia das cidades do reino de León a mediados do século XIII, destacando os trazos característicos para que unha poboación poida ser considerada cidade nos séculos XII e XIII: o volume da poboación, a morfoloxía dun asentamento que debe presentar unha muralla defensiva como sinal de identidade urbana, as actividades económicas do sector industrial e comercial, un sistema de goberno local tendente a representar un réxime municipal máis ou menos autónomo, un estatuto xurídico privilexiado, e por último o control dun territorio ou alfoz rural de certa extensión e da súa poboación. Para atender as necesidades espirituais destes núcleos urbanos, destaca López Alsina a aparición nos mesmos as ordes mendicantes, franciscanos e dominicos, que instalan os seus conventos extramuros –aloxados os uns dos outros-, en zonas próximas a unha das portas da cidade, ou en algún caso intramuros, pero sempre cercanos a unha entrada.


Tendo en conta estes parámetros, as cidades importantes do reino, con máis de tres mil habitantes, eran León, Zamora, Salamanca e Santiago de Compostela. Viñan logo as cidades episcopais de Oviedo, Lugo, Astorga e Ourense, con menos poboación. No caso da orla costeira e o seu contorno había que destacar como principais portos fluviais ou marítimos a Avilés, Ribadeo, Viveiro, Betanzos, A Coruña e Pontevedra. Santiago era un importante mercado urbano, polo que era relevante para o transporte de mercadorías por vía marítima ter uns portos como Noia e Padrón ben provistos e desenvoltos. E se no sur de Galicia temos á cidade episcopal e fronteiriza de Tui como porto de certa importancia, con portádego transferido en 1142 por Alfonso VII á Igrexa tudense, no norte galaico, na terra de Faro o reino de Alfonso IX tiña a cidade da Coruña, cunha primitiva parroquia dedicada a Santiago o Maior, como porto de crecente relevancia comercial.

O quinto capítulo, asinado pola profesora da USC Rocío Sánchez Ameijeiras, leva o evocador título: “O entorno imaxinario do rei: cultura cortesá e/ou cultura clerical en Galicia en tempos de Alfonso IX”. Destaca a autora a presenza en Compostela de artistas europeos de moi diversa orixe –miniaturistas ingleses, esculto-

res borgoñóns e de Champaña, mestres de Carrión e Ávila... - en rica e fecunda coexistencia coa tradición local románica, “xerando unha sorte de poliglosia visual que desembocou nunha linguaxe figurativa particular (...) e que adoita amalgamarse baixo o xenérico epíteto de *estilo do Mestre Mateo*”, autor do célebre Pórtico que, para a autora, podería ser “unha sorte de escenario para entradas rexias de grande aparato”. A de Compostela convértese, polo atnto, nunha “catedral real”, imaxe reforzada pola presenza do Panteón Real no transepto norte, á beira da porta francíxeca pola que entraban os peregrinos.

Continuando co asunto da arte medieval dos finais do Románico, o profesor Ramón Yzquierdo Perrín desenvolve no sexto capítulo o tema da “Arquitectura do reino de León baixo Alfonso IX”, no que estudia a arquitectura románica de finais do século XII, e a introducción da arquitectura cisterciense en Galicia a partir de 1142 (Sobrado dos Monxes, primeiro mosteiro peninsular en formar parte da orde); o Císter vai crear en terras galegas unha arquitectura sobria e racional nos mosteiros de Oia e Montederramo, chegando a sentir moi fondo a influencia da arquitectura románica local en fábricas como as igrexas de Oseira e Melón, coa incorporación de xírolas e capelas radiais nas cabeceiras de ámbolos dous templos. Segue o autor co estilo de Mateo e o seu obradoiro, cuxa labor espállase por Galicia –Ourense, Portomarín, Carboeiro...-, tendo na cidade da Coruña tamén o seu protagonismo, ao construír as igrexas de Santiago e Santa María do Campo. Remata o autor cunha axeitada síntese dos inicios do Gótico en Galicia a partir de 1238, co principio do episcopado do arcebispo compostelán Xoán Arias, tempo no que se constrúe o claustro da catedral compostelá e varias das capelas funerarias, boa parte do coñecido como Pazo de Xelmírez e o inconcluso proxecto dunha nova e moi espectacular cabeceira gótica para a Basílica xacobeá. Continúa o profesor Yzquierdo cun dilatado apartado dedicado ás catedrais románicas de León, Astorga, Zamora e Salamanca, rematando coa introducción do estilo mudéjar en Alba de Tormes (Salamanca), e Sahagún, no camiño de Santiago.

O sétimo capítulo continúa coa arte en tempos do soberano, cun capítulo asinado por E. Fernández González titulado “Cara á renovación da linguaxe arquitectónica en torno ao reinado de Alfonso IX”, que complementa moi ben os contidos do texto precedente. A autora trata polo miúdo aspectos concretos das fábricas catedralicias, como os ciborios de Zamora, Salamanca (catedral vella) e Ciudad Rodrigo, elemento considerado “torre-lanterná” de orixe oriental, bizantino, así como as novas cubertas de crucería, as microarquitecturas expostas en coros, sepulcros e miniaturas, e as fachadas catedralicias, en especial o frontis meridional de Zamora, considerado como un arco de triunfo no que a autora detecta detalles de orixe islámica, como as cupuliñas gallonadas e os medallóns de rolos, xa presentes na gran mesquita de Córdoba.



O derradeiro capítulo do libro, escrito polo catedrático da USC Manuel Núñez Rodríguez, leva o título de “A imaxe epifánica do rex gratia Dei Alfonso IX”. Lembra o profesor Núñez que o monarca falece en Sarria a finais de setembro de 1230, e que o seu corpo foi levado á catedral de Santiago. O sepulcro do rei como imaxe para o futuro, e o seu labor á fronte do reino de León, serven para unha reflexión que “busca deixar formulada a orixe divina que fai do rei un *vicarius Dei*”, un soberano moi preocupado pola xustiza e pola cultura, como proba a fundación da Universidade de Salamanca en 1215. Trátase, en definitiva, dun rei xusto, enérxico e piadoso, segundo o modelo da realeza bíblica. A idea de Cruzada implícita no proceso de Reconquista asegura que o monarca lidere unha actividade misioneira ao servizo da Cristiandade; un labor rexio, destaca o autor, en concordancia con conceptos bíblicos, de maneira que a consagración da catedral de Santiago (1211) era un tributo de obsequio a Deus e o seu apóstolo, para conseguir o perdón dos seus pecados (sería un deles a alianza que asinou co califa almohade?). Remata o profesor Núñez cunha reflexión sobre a novidade que representa a escultura dos xacentes, Fernando II e Alfonso IX, do Panteón Real compostelán, sinalando que o xesto morte-sono responde a unha potestade de orixe divina, posto que “logo de servir fidelidade e servizo ao seu reino, tamén esperan reinar eternamente no ceo”. A institución rexia, polo tanto, non morre, senón que pervive no sucesor, pero a plasmación no sepulcro da morte-sono simboliza que o monarca agarda o espertar no día da Resurrección.

Como complemento indispensable, o libro *Alfonso IX e a súa época* remata cunha excelente selección bibliográfica que incide no carácter de obra de referencia dunha excelente publicación asociada a unha das mellores exposicións que se puideron ver na cidade da Coruña no ano do seu oitavo centenario.

